



Estimadas familias:

Queremos explicarvos as novas directrices recibidas polos centros educativos con respecto ao desenvolvemento da terceira avaliación, sobre todo naqueles aspectos referentes á avaliación, xa que os outros aspectos xa os viñamos levando a cabo.

1. Desaparece o termo de **actividades voluntarias**, e inciden en **fomentar as rutinas de traballo e mantendo o hábito de estudo**. Isto significa que temos que intentar entre todos que as nenas e nenos fagan, polo menos, un mínimo que fixaremos os mestres/as. Nós temos que garantir un seguimento do alumnado, xa non so para cualificar, senón para poder ter a información suficiente sobre a adquisición de aprendizaxes que nos permitan planificar as próximas semanas e o inicio do vindeiro curso. Para iso **necesitamos que enviedes as tarefas**, preferentemente polas vías convencionais (caixas de entrega nas aulas virtuais e correo electrónico).

Naqueles casos nos que non sexa posible, **poñédevos en contacto co colexio ou co voso titor/a e buscaremos o xeito de facilitar ese trámite**, seguro que atopamos unha solución, pola nosa parte non vai ser.

2. **Avaliación:** temos que *avaliar as actividades realizadas neste período*, tendo en conta cada caso en concreto e as circunstancias familiares<sup>1</sup>.

Isto ten relación co apartado anterior, xa que o xeito de facer esa avaliación é a través dos traballos que imos propoñendo. Queremos diferenciar neste punto o que é cualificación e avaliación. A cualificación é soamente unha parte da avaliación, é o “número” que aparece nas notas, mentres que a avaliación é un proceso máis amplo que nos permite realizar un informe individual sobre os procesos de aprendizaxe.<sup>2</sup>

3. **Adaptación do currículo:** antes do 12 de maio publicaremos e informaremos sobre as aprendizaxes básicas para este curso adaptadas a esta situación, veranse reflectidos os mínimos

Como conclusión, **temos que colaborar de forma conxunta** entre as familias e os mestres para o traballo levado a cabo polo alumnado chegue aos mestres e sexa valorado e empregado para valorar o proceso de ensino/aprendizaxe.

Un cordial saúdo.

1. Lembraide que dende o centro fóronse atendendo as demandas tecnolóxicas das familias para proporcionar a todos os que o necesitaran os medios axeitados que garantisen unhas condicións de traballo adecuadas
2. Este informe ten vital importancia no alumnado de sexto de primaria, xa que nel irán reflectidos os aspectos que non foron adquiridos neste curso de cara ao seu próximo paso ao Instituto.